

## **Repensando a relación entre o turismo e a cidade**

### **A cidade punto de encontro**

Violeta Matas  
Santiago de Compostela  
29 de setembro de 2016

As cidades son elementos esenciais do sistema económico pola súa condición de lugares de intercambio, de elección e de innovación.

En xeral a cidade é un medio privilexiado que estimula as innovacións, o crecemento e que facilita a invención e a difusión de novos valores.

As cidades do século XXI convertéronse en lugares de atracción para os viaxeiros que demandan produtos singulares, relacionados coa cultura, as tradicións, os atributos da vida urbana e que están desexosos de vivir novas experiencias.

Por todo isto, e aínda que con certa demora respecto a outros países europeos, o turismo urbano foise consolidando pouco a pouco como unha importante actividade económica da maior parte das cidades españolas.

Desde o ano 2000 o número de viaxeiros que visitan as urbes españolas non deixou de crecer e xa supón máis da cuarta parte das pernoctacións hoteleiras. O turismo urbano e, máis en concreto o turismo de reunións e eventos, tense incrementado de maneira exponencial, axudando aos destinos a diversificar a actividade turística e a paliar os efectos da estacionalidade.

Este feito tamén pasou a ser unha oportunidade que moitos destinos aproveitan para abordar unha xestión estratéxica e sostible do turismo. As características esenciais destes novos modelos de gobernanza están baseadas na cooperación e o compromiso público-privado para manter o equilibrio entre a industria turística, os residentes locais e os turistas e que non se xeren efectos adversos.